



NON CAIAS DA ESCADA

PREVENCIÓN DE RISCOS NAS ESCADAS

Máis seguridade

Escada amarrada nas partes superior e inferior. Sempre tres puntos de apoio durante o uso.

Comproba o seu estado e a ausencia de defectos que poidan diminuír a súa resistencia.

Evita desequilibrios: o corpo na vertical da escada, entre os mastros.


Na escada só unha persoa.

Utiliza unha escada de man para ascenso e descenso a un determinado lugar.

Sempre que poidas utiliza equipos de traballo que che permitirán realizar as túas tarefas de forma máis segura:

- Equipos manuais telescópicos.
- Plataformas elevadoras (PEMP).
- Estadas.
- Torres de traballo.
- Etc.

ANTES DO USO
Comproba que é apta para uso profesional.



En solos inclinados ou con desniveis comproba que dispón de patas regulables.

Emprega zapatas antiesvaradías.
A escada sempre nivelada e apoiada sobre unha superficie firme.

Baixa e recoloca a escada se tes que estirarte para chegar a un punto. Nunca a despraces subido a ela.

Non leves obxectos nas mans mentres sobes ou baixas. Transpórtaos en elementos adecuados (bolsas, portaferamentas, cordas de servizo...)

COLOCACIÓN DA ESCADA

- **¡MIRA AO TEU ARREDOR!. Comproba que non haxa perigos que poidan afectar a túa seguridade.**
- **Sinaliza e acota o teu lugar de traballo.**
- Nunca posiciones a súa parte superior sobre elementos inestables (cables...)
- **Comproba que os postes e apoios son seguros.**
- Cando a apoies contra unha parede ou outro elemento, debes separar a parte inferior 1 metro da parede por cada 3 metros de altura útil.

USO DA ESCADA

- Cumpre as especificacións indicadas polo fabricante.
- Se a sitúas próxima a ocos ou desniveis deberás dispor de sistemas de protección adicionais (tapar o oco, redes verticais...)
- Usa unha escada estensible, nunca unas dúas.
- Fíxate nas condicións climatolóxicas.
- A escada deberá ter a lonxitude suficiente para sobresaír cando menos 1 metro do punto de desembarco.
- A parte superior da escada debe quedar aproximadamente a altura da túa cintura, para poder suxeitarte.
- Sobe e baixa sempre de fronte a ela.
- Se debes utilizar as dúas mans:
 - Asegúrate de que está inmovilizada (por medio de cordas ou outros sistemas).
 - Usa un posicionador ou amarre de suxeición (UNE-EN 358) como terceiro punto de apoio.
- En escadas de tesoiras, agárrate a ela cunha man e traballa coa outra.
- Utiliza un sistema anticaídas especialmente se vas ter os pés a máis de dous metros de altura:
 - emprego dun arnés de seguridade cun dispositivo anticaídas escorregante, para amarrarte a unha liña de vida enganchada a un punto de ancoraxe seguro que cumpra a norma UNE-EN 795.
 - Outros medios de protección equivalente.

